

Actas do **S**impósio Ricardo **Carvalho** Calero Memoria do **S**éculo

Edición de
Teresa López e Francisco Salinas





Esta obra publícase baixo unha licenza Creative Commons
Atribución-NonComercial-Compartirlgual 4.0 Internacional
(CC BY-NC-SA 4.0 Internacional)

Editan:

© **Departamento de Galego-Portugués,
Francés e Lingüística
da Universidade da Coruña**
Campus de Elviña, s/n. A Coruña

© **Asociación Sócio-Pedagóxica Galega**
r/ Laracha, 9, entrechán
15010 A Coruña
Teléfono e fax: 981 27 82 59

Deseño gráfico do Simposio: Torné Asociados

Deseño da edición e maquetación: Antonio Souto

Impresión: Imprenta Provincial

Dep. Legal: C-617-02

I.S.B.N.: 84-89679-66-5

I.S.B.N.: 978-84-9749-767-1 (electrónico)

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671>

Actas do **S**impósio
Ricardo **C**arvalho Calero
Memoria do **S**éculo

Edición de Teresa López e Francisco Salinas

Organizan:



Colaboran:



Organización

Departamento de Galego-Portugués,
Francés e Lingüística da Universidade da Coruña
Asociación Sócio-Pedagóxica Galega

Presidencia de Honra

M^a Ignacia Ramos.

Comité Científico

Prof^a Doutora M^a Victoria Carballo-Calero Ramos (Universidade de Vigo).
Isaac Díaz Pardo.
Francisco Fernández del Riego.
Prof. Doutor Justo González Beramendi (Universidade de Santiago de Compostela).
Prof. Doutor Basilio Losada Castro (Universitat de Barcelona).
Prof^a Doutora María Camino Noia Campos (Universidade de Vigo).
Prof. Doutor José Luis Rodríguez Fernández (Universidade de Santiago de Compostela).
Prof. Doutor Jurjo Torres Santomé (Universidade da Coruña).

Comité Organizador

Coordenación: Teresa López (Universidade da Coruña), Francisco Salinas Portugal (Universidade da Coruña).

Presidente: Carlos Paulo Martínez Pereiro (Universidade da Coruña).

Vicepresidente: Alberte Ansede (Asociación Sócio-Pedagóxica Galega).

Vogais: Pola Universidade da Coruña: Manuel Ferreiro, Xosé Ramón Freixeiro, Elisardo López Varela, Luciano Rodríguez, Goretti Sanmartín e Laura Tato.

Pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega: Xoán Costa, Teresa Fiaño, Anxo Gómez Sánchez e M^a Xosé Bravo.

Secretario: Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

Secretaría do Simposio: María Calvo, Xoán Carlos Lagares.

Índice

Presentación	7
Prólogo	
José Luis Meilán Gil	9
Conferencia Inaugural	
Ricardo Carvalho Calero, Gallaecia Magna. José Luís Rodríguez	11
A investigación lingüística e literaria	29
Como sair do cerco. A legitimación galeguista da Literatura Galega por Carvalho Calero e a génese da súa centralidade no campo da crítica literaria. Elias J. Torres Feijó	31
A obra lingüística de Carvalho Calero. Ramón Mariño Paz	67
A narrativa	107
A narrativa de Carvalho Calero na encrucillada dos anos cincuenta. Manuel Forcadela	109
A descrición na obra narrativa de Carvalho Calero. Análise retórica e hermenéutica. Arturo Casas	119
Do carácter híbrido na narrativa breve de Carvalho Calero. (Da ambigua verdade intempestiva de <i>Aos amores seródios</i>). Carlos Paulo Martínez Pereiro.....	137
A poesía	161
O discurso metapoético de Ricardo Carvalho Calero. Xosé María Álvarez Cáccamo	163
As pegadas de Manoel Antonio na poesía de Ricardo Carvalho Calero. Kathleen March	171
Carvalho Calero. Mitos para un exilio. Pilar Pallarés	183
O teatro	203
Carvalho Calero: o Teatro e a Vida. João Guisan Seixas	205
Carvalho Calero no diagrama da comunicación dramática. Carballo, poeta dramático e ironista. Araceli Herrero Figueroa	227
A intervención política e cultural	249
O compromiso cultural de Carvalho Calero: a reintegración lingüística galego-portuguesa. José-Martinho Montero Santalha	251
Reflexións sobre a Segunda República. Xosé Ramón Barreiro Fernández	263
Carballo Calero, un xove nacionalista. 1926-1936. Justo Beramendi.....	281
O home	295
Algúns recordos de Carvalho Calero. Isaac Díaz Pardo	297
Ricardo Carvalho Calero: a elegancia do intelectual comprometido. Miguel Anxo Fernán-Vello.....	301
O professor, o mestre, o amigo: evocación saudosa. Aurora Marco.....	309
Clausura do Simposio	
Carvalho Calero novelista. Darío Villanueva.....	323
Apéndices	341
Apéndice fotográfico.	343
Ricardo Carvalho Calero escribe a Xosé Filgueira Valverde. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936. Teresa López.....	349

Prólogo

**José Luís
Meilán Gil**

Rector da
Universidade da Coruña

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671.009>

Na nobre teima por reivindicar a obra do profesor Ricardo Carvalho Calero e por situalo no lugar de honra que lle corresponde nas Letras Galegas, o simposio sobre a súa figura supuxo un substancial paso adiante. Para min, como Rector da Universidade da Coruña, hai motivo engadido de satisfacción polo protagonismo da nosa institución nese traballo e polo feito de que as xornadas de traballo se desenvolvesen nos campus da Coruña e de Ferrol.

Resulta esclarecedor e estimulante o filtro da obra do gran lingüista e creador galego na rigorosa peneira da investigación científica, en xeral, e universitaria, en particular. Os traballos aquí recollidos evidencian o elevado nivel dos relatorios e a consecución dos obxectivos do simposio, que ten a virtude, igualmente, de estimular a apertura de novas vías de estudio. Ninguén como Carvalho Calero, que foi un pioneiro no estudio das nosas Letras nas aulas universitarias, era tan merecedor da homenaxe que se lle rendeu en ámbalas dúas cidades.

A Universidade remansa e comunica o saber. De xeito crítico, como di a Carta Magna das Universidades Europeas, produce e transmite a cultura por medio da investigación e do ensino. Vivimos tempos de apertura, renovación e internacionalización. A sociedade tende cada vez máis a fundarse no coñecemento e isto explica, e así o pon de manifesto a Declaración Mundial da Unesco, que o ensino superior e a investigación sexan claves no desenvolvemento cultural e socioeconómico dos pobos. Pero tamén, fronte ó risco de esmagamento ou dunha empobrecedora homoxeneización, a Universidade ten a obriga de promover-lo coñecemento da cultura propia, de estimular-lo recoñecemento da obra dos homes que teceron ou tecen os sinais de identidade das culturas minoritarias.



Carvalho Calero foi un deses homes exemplares que, en tempos ben difíciles, modelaron unha obra creativa singular e traballaron con paixón e compromiso en defensa da nosa identidade galega. O seu esforzo multidisciplinar e “fóra de foco” non foi en van. A semente do profesor, poeta, narrador, lingüista e galeguista honesto e loitador foi productiva e cómpre agradecer que a Facultade de Filoloxía lembre a súa figura e afonde no seu rico e amplo legado.

No seu discurso de investidura como doutor “Honoris Causa” pola Universidade da Coruña, o premio Nobel irlandés Seamus Heaney regalounos esta fermosa reflexión: “A literatura en certo sentido se nos debe, é a nosa recompensa por sermos fieles ó que somos e o seu efecto radica en despertar en nós o que podemos ser”. Eso foi o que fixo Carvalho. Os recoñecidos especialistas que asinan estes relatorios analizan polo miúdo os trazos esenciais da personalidade, a obra e a traxectoria vital do gran escritor ferrolán.